

## HUELLA nº 1

Alba Blanco Boga

A acción *Impresión nº1* (*Huella nº1*, no orixinal en español) naceu na facultade de Belas Artes de Pontevedra en 2011, durante a lectura do libro *A arte fotográfica e outros ensaios* de Philippe Dubois.

Pensando sobre os conceptos de *index* e de impresión que propón Dubois no seu libro reparei no ronsel de movemento que apañaría unha cámara fotográfica que puidese captar a nosa casa desde o alto. En todos os percorridos que realizamos diariamente nas nosas actividades de cotío, os nosos labores, os nosos hábitos e costumes; e o especial desgaste que se daría sobre o espazo da cociña.



A cociña, para min, é o espazo máis importante da casa. É o que máis se asemella ao meu estudio e no que a alquimia está presente polo menos tres veces no día. Nel a vida e a arte confúndense, a creatividade é indispensábel, así como a paciencia e o traballo. E ademais alí manéxanse, como en ningún outro lugar, os tempos.


O que me conduciu, inevitabelmente, ao uso da *performance* como medio artístico de creación e expresión foron dous factores. Precisamente ese uso do temporal, e por outra banda, a necesidade de aplicar outros coñecementos afíns adquiridos durante o meu crecemento e evolución persoal, como a danza, o *swing* malabar ou a cociña.

Esta acción, *Impresión nº1*, foi de viaxe nunha ocasión, ao ser seleccionada no *Show Room* da Feria Internacional de Arte Unversitario de Bilbo: Ikasart celebrada en novembro de 2011 e debece por volver saír.


# Cocinando acciones















## VOLVER A VOAR

Ana Matey

Para introducir o traballo quero comezar falando de quen é o *Recolector de plumas*? O Recolector é un individuo canso da dinámica na que se vive nas grandes cidades. Máis concretamente do ritmo frenético do transitar e do facer na vida diaria, do continuo facer, producir, conseguir, competir, posuír, ser máis, ter máis...

O recolector de plumas son eu e co sentimento ou necesidade de apartarme dese ritmo inicié unha procura do baleiro e o silencio, ambas difíciles de atopar nas grandes urbes.

Esta procura iniciéina no campo, concretamente en Normandía no verán do 2008. Nesta nova contorna na que elixín desenvolverme, iniciéi unha nova actividade diaria, esta consistía en dar longos paseos polo campo e apañar as plumas que ía atopando.

Estas plumas son para min "corpos" que xacen sobre a terra, e nesta tarefa diaria xorde a dúbida, Cando é máis libre a pluma?, ao estar unida ao resto de plumas, que como ela teñen a súa función formando parte doutro corpo?, ou ao desprenderse e quedar soa sen función clara e a expensas de que vento, auga ou outro corpo lle dean movemento?...

Podería dicir, vexo na pluma o meu ser, o cal, nese momento, decidiu romper co seu colectivo social e atópome sen un rumbo claro, sen unha función clara na engrenaxe social.

Deste período nace unha primeira instalación xunto a distintas pezas, fotografías e performance nas que emprego as plumas como metáfora para falar da liberdade e o tempo na sociedade.

O que lle propoño ao espectador é un exercicio de paciencia, de espera, de observar aquilo ao que non estamos afeitos na actualidade, a rapidez impera, a case inmediatez dos medios tecnolóxicos. Este é o meu obxectivo principal neste traballo,

convidar a parar e mirar o que nos rodea, observar, esquecendo o mando a distancia e continuo zapping da vida diaria.

Na seguinte etapa deste work in progress, as plumas deixan de ter esta idea metafórica de liberdade para achegarnos a aquilo que non queremos mirar, o que máis nos aterra como o paso do tempo que inevitabelmente nos achega a ela, refirome está claro, á morte.